

Descrición do percorrido

A nosa andaina de hoxe descorre polos concellos de **Zas** e **Cabana de Bergantiños**, percorrendo de Sur a Norte unha zona de gran variedade e riqueza patrimonial.

Comenzamos a ruta ao pé da estrada AC-552, xusto no empate que leva as fermosas **Torres do Allo**. Collemos por unha pista que nos achega ao seu conxunto exterior, onde faremos un pequeno percorrido pasando pola igrexa de **San Pedro do Allo** e a fonte de **San Ramón**, ata chegar ao edificio principal do Paço. Continuamos o noso itinerario por unha fermosa avenida bordeada de vellos carballos e que remata na estrada Baio-Cesullas, por onde cruzamos para enlazar coa pista que, en suave pendente, ascende o pequeno val formado polo **regato de Esmoris** e lévanos cara unha zona máis alta onde predominan os penedos e as especies arboreas de explotación forestal, sobre todo o piñeiro.


Deixamos a pista cara ao noso novo obxectivo, o monte **Castelo de Borneiro (367 m)**. Non subiremos ata o seu cumio, pero pasaremos perto para disfrutar das súas fermosas vistas. Camiñamos agora cara aos **Montes do Gontón**, concretamente ao punto máis alto da serra, **A Fernandiña (376 m)**. A panorámica dende aquí é impresionante, debaixo de nós, o esteiro do Anllons con Corme e punta Roncudo ao fondo. Dende aquí todo o camiño será costa abaixo e para celebralo a 2,5 Km, chegamos "**A Cidá de Borneiro**", unha das xoias arqueolóxicas da zona. Deixamos atrás o castro por un camiño que remata na estrada AC-430, e xa na outra beira, descendemos pola ruta do **Rego dos Muíños**, singular conxunto etnográfico conformado por 24 muiños, que ao longo dos seus 3 kms nos leva cara a **enseada de Lodeiro**. Neste lugar, no que aínda funciona un pequeno asteleiro, comenza o paseo marítimo de Cabana.

De fronte vemos o longo areal **da Barra** e o **Monte Branco**. Os últimos kms faremos polo este pintoresco paseo o pé do esteiro do Anllons, habitat de gran variedade de aves, pasando polas pequenas praias do **Pendón, Cunchardo, Sartaña e Urixeira**. Esta última conta con un pequeno aparcadorío onde nos agarda o bus.

Distancia aproximada: 17 Kms.

Dificultade: media baixa

Mapa de situación



PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 20-22 de marzo 2015: Desfiladero del Esva (AS)
- ✓ 1-5 de abril 2015: Alto tajo (GU)
- ✓ 11 de abril 2015: Senderos de Catoira (PO)
- ✓ 26 de abril 2015: Primavera en O Courel (LU)
- ✓ 31-3 de mayo 2015: Muniellos-Cornisa Cantabrica (AS)
- ✓ 17 de mayo 2015: Subida a O Iroite (CO)
- ✓ 7 de junio 2015: Fraga da Marronda (LU)
- ✓ 19-21 de junio 2015: Picos de Europa (AS)
- ✓ 28 de junio 2015: Recorriendo O Vicedo (LU)
- ✓ 13 de septiembre 2015: Arredores de Boiro (CO)
- ✓ 19-20 de septiembre 2015: Arredores da Guardia (PO)
- ✓ 4 de octubre 2015: Arredores de Arnoia (OU)
- ✓ 25 de octubre 2015: Arredores da Merca (OU)
- ✓ 15 de noviembre 2015: Souto de Cruzul (LU)
- ✓ 13 de diciembre 2015: De Corme a Ponteceso (CO)

Este calendario es orientativo y, puede estar sujeto alguna modificación a lo largo de su desarrollo, tanto en el trayecto, como en la fecha, por lo que se recomienda, consultar la web del club para mas detalles




Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



15 de marzo de 2015

**O ALLO - MONTES DO GONTÓN -
ESTEIRO DO ANLLONS
(BERGANTIÑOS)**

